

NOTA DE PRENSA

Dúas empresas tecnolóxicas galegas participadas por Unirisco e Uninvest, as sociedades de capital risco universitarias, reciben un premio nacional pola súa innovación

No certame competían 219 proxectos de toda España. Entre os vinte finalistas había catro participados por Unirisco e Uninvest: Biocontrol Technologies, Algenex, Nanogap e Neoker

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2007 (Vía Láctea Comunicación).- A sociedade de capital risco **Unirisco Galicia**, formada polas tres universidades galegas e por entidades financeiras e empresas relevantes da comunidade, ten por obxecto promover a creación de empresas a partir do coñecemento xerado nos centros de investigación. Faino mediante operacións de investimento temporal no capital das empresas ou mediante a concesión de préstamos participativos, sempre baixo criterios de rendibilidade e creación de emprego.

Uninvest é unha sociedade xestora de entidades de capital risco na que están presentes Unirisco e 16 universidades españolas e que xestiona **I+D Unifondo**, un fondo de capital risco aportado por entidades financeiras, institucións e empresas que ten por obxectivo o financiamento de empresas tecnolóxicas xurdidas no eido das universidades e centros de investigación.

Dúas empresas participadas por **Unirisco Galicia** e por **I+D Unifondo** están entre as sete galardoadas nos premios ENISA á innovación. No certame competían 219 proxectos procedentes de toda España. Entre os vinte finalistas había catro empresas participadas por Unirisco e Uninvest: Biocontrol Technologies, Algenex, Nanogap e Neoker. Os premios ENISA -Empresa Nacional de Innovación- están destinados a recoñecer e estimular o esforzo que realizan as empresas de recente creación ao apostar por proxectos de carácter innovador.

As empresas premiadas, **Nanogap** e **Neoker**, son empresas de base tecnolóxica (coñecidas co termo anglosaxón “spin-off”) xurdidas da Universidade de Santiago. As dúas pertencen ao sector da tecnoloxía industrial e dos materiais. Están baseadas en patentes das que é titular a universidade compostelá e foron asesoradas por Empresa-Concepto, un programa de carácter público no que participan as tres universidades galegas e o CSIC e que xestiona o CITT -Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía da USC-, destinado a asistir aos investigadores no desenvolvemento de proxectos empresariais.

Ademais do premio recibido, cada unha das empresas galardoadas poderá obter un financiamento adicional de ata 800.000 euros

Unirisco Galicia e I+D Unifondo teñen apoiado a estas empresas con investimentos de "capital semente" -"capital semilla" en castelán-. Trátase do investimento anterior ao comezo da produción e comercialización do produto ou servizo e que pode destinarse a realizar estudos de mercado ou probas de prototipos, entre outras opcións. As sete empresas premiadas recibiron no seu conxunto unha dotación dun millón de euros. Ademais, cada unha delas terá a posibilidade de obter financiamento adicional, en condicións vantaxosas, por importe individual de ata 800.000 euros.

Unha empresa galega de nanotecnoloxía que desenvolve produtos no ámbito dos materiais e da medicina

Nanogap é unha empresa innovadora baseada no desenvolvemento realizado por profesores da Universidade de Santiago, expertos no campo da nanotecnoloxía. A firma produce nanopartículas metálicas "á carta" segundo as necesidades do cliente, ademais de nanopartículas magnéticas e clústeres cuánticos atómicos.

Estes produtos teñen múltiples aplicacións no ámbito dos materiais como integrantes de pinturas, recubrimentos, plásticos, na industria téxtil... No eido da medicina poden empregarse para o desenvolvemento de biosensores fluorescentes, sondas magnéticas, separación de ADN... entre outras aplicacións. Por outro lado, a empresa ofrece aos seus clientes a súa experiencia e asesoramento nos usos e aplicacións específicas dos seus produtos.

Fabricación de fibras monocristalinas de alúmina para composites avanzados de alto valor engadido

Neoker é unha empresa de base tecnolóxica baseada no desenvolvemento realizado polo Instituto de Cerámica de Galicia, da Universidade de Santiago. Na actualidade é o único produtor mundial de whiskers de alúmina. Este material en forma de fibras é o reforzo idóneo para composites avanzados.

Tanto dende o punto de vista da súa resistencia mecánica como pola súa estabilidade térmica e a súa resistencia ás agresións químicas, os whiskers de alúmina presentan un comportamento excepcional. Polo tanto, son o candidato perfecto para seren empregados como reforzo en calquera material composto de alto valor engadido. As aplicacións principais destas fibras son para composites metálicos ou cerámicos, materiais illantes específicos destinados a soportar temperaturas moi elevadas, en filtros especiais para entornos agresivos... Ademais destes produtos, a compañía ofrece servizos de selección de materiais para empresas que busquen materiais especiais que teñan que adaptarse a aplicacións de esixencias elevadas.